
NOVAS

da Sección de Matemáticas

Como ben sabedes os días 9, 10 e 11 de setembro celebráronse en Lugo as IX JAEM convocadas pola Federación Española de Sociedades de Profesores de Matemáticas e organizadas pola Sección de Matemáticas de ENCIGA, o Cefocop de Lugo e a Universidade de Santiago.

Debemos dicir que estas xornadas foron un éxito do que dende aquí queremos felicitar a todo o comité organizador e agradecer o traballo de todos os que dun xeito ou doutro puxeron algo ou moito da súa parte nestas xornadas.

Dicimos que foi todo un éxito porque así nolo recoñeceron os membros da xunta directiva de Federación e tamén moitos asistentes a anteriores JAEM teñen comentado que, tanto polo número de participantes, como polas actividades presentadas, como pola calidade de conferencias, relatorios e comunicacións as IX JAEM destacan sobre practicamente todas as anteriores. A presidenta da Federación fixo entrega, na sesión de clausura das IX JAEM, dunha placa de agradecemento á Sección de Matemáticas de ENCIGA polo traballo desenvolvido para a organización das Xornadas.

A sensación de satisfacción e aproveitamento destes días de traballo e intercambio en Lugo foi palpable e como mostra a cantidade de xente que agardou á conferencia da sesión de clausura de Claudi Alsina aínda sendo un sábado á tarde e que xa levabamos tres días moi intensos de traballo. Algúns intres foron especialmente emotivos como o vídeo de saúdo ós asistentes das IX JAEM de Federico Mayor Zaragoza na conferencia de Rafael Pérez, o remate da conferencia de Emma Castelnuovo ou o minuto de silencio polas vítimas do terror en Timor.

Sabemos que unhas xornadas deste tipo supoñen un esforzo moi alto baseado no traballo desinteresado dun grupo de compañeiros e compañeiras que gastaron moito do seu tempo nesta tarefa polo que debemos felicitarlos polo éxito e xustificar os problemas non resoltos e erros que puideron ocorrer.

¡Ah, as próximas JAEM van estar organizadas pola Sociedade Aragonesa de Educación Matemática “Pedro Ciruelo”.